

Celga



1

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-12

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre a alimentación dos rapaces. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

“De cada dez rapaces, tres almorzan mal e un nin sequera almorza”

Socorro Lois, membro da Asociación Medicina Familiar, vamos dar a súa opinión sobre o tema.



Cal é o problema e onde está a súa orixe?

De cada dez rapaces, tres almorzan mal e un nin sequera almorza. E isto, claro, aféctalles ao carácter e aos estudos. O que fan mal case sempre é almorzar pouco, incluso algúns non almorzan, que aínda é máis perigoso. Isto ten que ver tamén con outra das queixas que teñen os profesores dos colexios: que os rapaces dormen pouco. Eu creo que todo provén dun mal hábito de sono, dormen pouco, érguense con moita présa, con moito sono e, ao levantarse apurados, non lles dá tempo a almorzar. E neses momentos, así con tanto apuro, o almorzo senta mal.

Ir para a cama á súa hora é unha das claves?

Dormir é tan importante como almorzar ben. Para eles son necesarias un mínimo de oito horas e é importante deitarse cedo para que pola mañá poidan almorzar con tempo e non andar a correr. E nestas idades un bo almorzo é fundamental.

Que alimentos non deben faltar?

O mellor almorzo é o que se fai, por exemplo, con pan con aceite de oliva virxe, unha froita e un lácteo semidesnatado. E nada de doces industriais.

Que ocorre coa comida da media mañá?

Os nenos teñen présa por ir ao recreo, entón van á cafetería e collen calquera cousa, que normalmente son doces industriais con moita graxa. Nese sentido, tamén é importante que os colexios teñan nas cafeterías unha boa oferta de pan de cereais, de iogures, de froita... Con isto, a medio prazo, trátase de evitar a obesidade, un problema sanitario na nosa sociedade.

E cos adultos, pasa o mesmo?

Para os adultos cómpre aplicar o mesmo, pero hai que ter en conta que non é igual, por exemplo, facer un traballo físico que estar sentado toda a mañá.

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minuto aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle ao candidato a estrutura da proba e acomodalo.</p> <p>As primeiras preguntas NON son avaliáveis.</p>	
<ul style="list-style-type: none">▪ Como está?▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...	
2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: a partir de aquí XA é avaliável. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico do candidato relacionado co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none">▪ Canto tempo leva estudando galego?▪ Por que o estuda?▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Que lle gusta máis da cultura galega?▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
3. RESUMO	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do texto. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o artigo. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Como é un almorzo saudable?▪ Lembra algunha das causas polas que os rapaces almorzan a correr ou non o fan?▪ Que alimentos se aconsellan no almorzo?	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Que almorza normalmente?
- Canto tempo lle dedica vostede ao almorzo?
- Gústalle almorzar só ou acompañado?
- Nas fins de semana, como son os seus almorzos? Son diferentes aos do resto dos días?
- (Se procede) Como son os almorzos no seu lugar de orixe? Son semellantes ou diferentes aos de aquí?

OPCIÓN B

- Cantas comidas fai ao día? Cal é a máis importante para vostede? Por que?
- Que lugar e que alimentos prefire para almorzar?
- Cales son os alimentos que non faltan na súa dieta?
- Cre que a escola pode ensinar a almorzar ben? Pensa que iso é cousa só das familias?
- (Se procede) Como son os almorzos no seu lugar de orixe? Son semellantes ou diferentes aos de aquí?

OPCIÓN C

- Gústalle comer de todo? Cal é a súa comida favorita? E a que menos lle gusta?
- Cando vai de viaxe, adáptase aos almorzos do lugar de destino ou prefire almorzar o de sempre?
- Ademais dunha boa alimentación, cre que son necesarias outras cousas para ter unha vida saudable? Cales?
- Hai diferenzas entre o que almorzan os adultos e os nenos?
- (Se procede) Como son os almorzos no seu lugar de orixe? Son semellantes ou diferentes aos de aquí?